

DEBATE/CLASE DE PIZARRA DO 17/10/03

- Acusación que se lle fan ós medios de comunicación sobre o tratamento de certas noticias como por exemplo sobre o suceso do asasinato dun afeccionado do Depor.

Cómo inflúen os medios

1. A utilización da linguaxe.
2. A investigación: A investigación é precisa para poder informar con veracidade.

O xornalismo de anticipación: que debería ter a función de prevenir / avisar sobre sucesos ou acontecementos pero é difícil porque non se pode anticipar unha actuación individual. Este tipo de xornalismo podería ser levado a cabo polo xornalismo especializado.

Ós medios de comunicación reclámaselles unha linguaxe periodística máis cuidada e tamén unha maior investigación para poder informar dende a verdade e o coñecemento do feito e dos colectivos implicados e non dende a ignorancia (P.Ex: reportaxe do Diario SPORT sobre o perfil dun Riazor Blues, dan datos erróneos)

Hoxe estase priorizando o xornalismo de sensacións que é unha barreira para o raciocinio que supón máis que información desinformación.

É o xornalismo especializado o que debe levar a cabo o xornalismo de anticipación coa función de poder previr ou avisar á opinión pública e non como xustificación a posteriori (p.ex. xa o dixemos fai un mes, xa o supoñíamos hai unha semana,...)

Crítica dende a opinión pública de cómo algúns medios /Xornais publicaron datos da vítima, datos da súa intimidade que non tiñan nada que ver cos feitos e que dá a impresión de que, en certo modo, están xustificando o seu asasinato cando se trata dun feito inxustificable (p.ex: díxose que era drogadicto, que estaba sendo investigado pola policía) Hasta que extremos se está a chegar por un ánimo lucrativo e como isto se pode entender como favoritismo ou simpatía cara ós radicais culpables.

Sobra todo tipo de información favorable ou denigrante da vítima, datos que non teñen nada que ver co feito, co suceso.

Neste suceso, así coma noutro, parece que primou o sentimentalismo/ o sensacionalismo que a información veraz (p.ex: díxose primeiro que era pai e esposo e ó final nin tiña fillos nin estaba casado) **Primou o morbo sobre a Información.**

Noutros casos de mortes de personalidades ou xente importante non se di nada sobre a súa morte ou da súa vida íntima aínda que morrese por sobredosis, alcoholismo ou que o falecido tiña unha amante,... (p.ex: a morte do dono de Fenosa nun Hotel de A Coruña)

A prensa seria parece estar contaxiándose ds modos/formas da prensa do corazón.

Cando se afirma un dato/un feito hai que contrastalo e contextualizado (p.ex: cando se di que os Riazor Blues ou os Suaves son violentos hai que afirmalo con datos, con información porque, de non ser así esa información non debería publicarse.

É o traballo de investigación do propio profesional é o que dá fiabilidade dun feito pois é testigo do mesmo.

CLASE DE PIZARRA 31/10/03

Facer un comentario de texto sobre un artigo sobre o Conflicto de Oriente próximo, en concreto, a situación de Gaza.

Primeiro concreta-la hipótese, a idea, que será mellor canto máis simplificado estea o enunciado da hipótese, p.ex:

- En Gaza, e no Conflicto de Oriente Próximo, estase sufrindo un inferno interior.
- O conflito crea un clima de odio que convirte a Gaza nun laboratorio infernal.

CLASE DE PIZARRA 14/11/03

Análise do texto de Gaza

- Contextualización dos feitos
- Contextualización temática.

Hipótese: O conflito de Oriente Próximo crea un clima de odio que convirte a Gaza nun laboratorio infernal interno.

Argumentos dos que fai uso:

- Segmento de xente nova, traumatizada (involucrados no espírito de vinganza)
- O xornalista busca expertos cunha determinada notoriedade pública para reafirmar ou ratificar diferentes argumentos e tamén a hipótese.
- A autocensura, idea reforzadora doutra, a do aillamento material e mental de Gaza.
- Desconfianza permanente, non hai ningún tipo de esperanza.

Relato

- Idea Central: a hipótese
- Argumentos obxetivados: que sirvan para reafirmar esa idea central.
- Testimonios: da pluralidade/globalidade da sociedade de Gaza, pero quizáis fai falla testimonios non tan expertos, senón testimonios do sector da sociedade con menos acceso ós medios de comunicación e que darán, dende logo, unha visión, se cabe, moito máis realista.

O xornalista quizáis non chega a transcribirmos a situación, a realidade que él observou alí (falta valoración, interpretación do xornalista, é dicir, a súa observación desa realidade)

Este é, quizáis, un dos primeiros artigos que se basean dende unha postura crítica á propia autoridade palestina.

METODOLOXÍA DO XORNALISMO ESPECIALIZADO

ESTRATEGIA OPERATIVA (por fotocopias)

Existen 3 grandes fases da estratexia operativa da metodoloxía do xornalismo especializado:

- Profundización (1fase: hipótese, 2fase: Planificación, 3fase: Execución do plano)
- Verificación

- Codificación (lección 7)

Metodoloxía

A hipótese, a idea central, sobre a que se fai o relato será, pois, a columna vertebral do texto. Por iso, a idea central debe estar moi clara porque iso se vai notar no texto.

CLASE DE PIZARRA 28/11/03

Tipo de demanda de medios especializados en España. Segundo unha enquisa, realizada por un catedrático da Universidade de Málaga:

- A prensa diaria está en estancamento
- A radio xeneralista está estancada ou en retroceso.
- A televisión xeneralista en aberto está en retroceso ou en estancamento.
- As revistas de información xeral, están en retroceso ou estancamento.

Por outra banda a enquisa demostra que:

- A prensa gratuíta está en crecemento.
- A radio privada xeneralista está en crecemento.
- A televisión por cable está en crecemento.
- Internet está en crecemento.

Tamén segundo esta enquisa, quíxose saber cal dos medios ten maior credibilidade:

- Diarios de Información xeral.
- Radios privadas de información xeral.
- Radios públicas de información xeral.
-

A figura do videoxornalista ou xornalistas para todo, está en auxe, p.ex: os traballadores do Chicago Tribune (Texto lido na clase).

CLASE DE PIZARRA 5/12/03

Análise das noticias sobre Un profesor de Pontrecesos acusado de facer apoloxía nazi

- trátase dunha fonte anónima a que pon de relieve esta acusación (e acúsano dalgo tipificado como delito)
- declaracións.

Análise das noticias día a día:

1º día: reproducése a nota acusatoria e aparecen declaracións do director do centro.

2º día: educación investiga ó profesor, hai dúbidas sobre a denuncia, sobre a súa autenticidade, nun primeiro despece aparecen declaración do implicado en un segundo despece falan da revista Handschar da que supostamente é director o acusado.

3º día: retíranos ou retírase das listas do CSIF, é a primeira vez que se dá o dato de que o centro e a Voz foron os que recibiron a nota anónima, foto do acusado en un despece aparece o asunto da coroa de flores co nome do profesor.

4º día: o profesor pide a baixa médica.

5º día: Educación resolve que o profesor non fixo apoloxía do nacemento.

Erros do xornal:

- asume pasivamente a información sen ter iniciativa para averiguar ou investigar a súa veracidade xa que se trata dunha **nota acusatoria anónima**.
- Doble irresponsabilidade dende o punto de vista profesional:
 - a nota anónima sométese á rutina de elaboración de noticias, cando non é unha información probada e certa.
 - En ningún momento o xornal cuestiona a veracidade ou non da nota, non se investiga, só se investiga no pasado e na intimidade do acusado.

1

5